

2015 ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria do Clube de Montaña Xistra, celebrada o día 13 de marzo de 2015 ás 20:10 horas, no Edificio das Federacións Deportivas de Vigo, rúa Fotógrafo Luís Ksado 17, 36209 de Vigo.

Asistentes

Presidente

D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos presentes

D^a. M^a Begoña Landesa Torrado

D^a. Alicia Martínez Redondo

D. Raúl Leirós Gutiérrez

D. Antonio Paredes Chapela

D. Eduardo Barrosa Picón

Socios presentes con dereito a voto

D. José Álvarez Rodríguez

D. Manuel Antonio Antomil Braña

D^a. María Teresa Cameselle Rodríguez

D. Cándido Costas Costas

D^a. Henar De Diego De Diego

D^a. Ana María Diéguez Veloso

D. José Do Pazo Díaz

D. Julio Fernández Oitaben

D. Manuel Fernández Ramírez

D. José Luis Freijeiro Ramírez

D. Xosé Lois Freixeiro López

D. Uxío González Pérez

D. Manuel Francisco Granada Otero

D. Higinio Leirós Davila

D^a. María Aloya Pérez Alocén

D. Antonio Ruiz Franco

D. José Carlos Senovilla Sanz

Socios menores de idade

D. Alexandre Freixeiro López

D^a Sabela Freixeiro López

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2014
3. Resumo de actividades 2014, proxecto 2015.
4. Axudas a deportistas.
5. Rogos e preguntas.
6. Acto de entrega de premios por Concursos de Montañismo Xistra 2014.

SESIÓN

1.- D^a Alicia Martínez lee as diferentes actas dende o día 24/01/2014 ata hoxe, sendo aprobadas por unanimidade todas elas.

2.- O Presidente fai unha presentación do contexto deportivo e do club dende un punto de vista contable correspondentes a 2014. Infórmase sobre a decisión de rexeitar a apertura dunha conta no Banco Sabadell por motivos alleos ó club.

Preséntase o Balance de Situación a 31/12/2014, así coma a Conta de Resultados. Produciuse un superávit de 2.036'40€ e o saldo bancario a fin de ano en Abanca é de 23.488'88€ e en caixa de 5'82€.

Exponse a necesidade de facer para 2015 unha póliza de Responsabilidade Civil para o club se a Federación non asume este risco.

As contas anuais son aprobadas por unanimidade.

3.- Faise unha presentación das actividades desenvolvidas durante o ano 2014, en especial a creación do Open de Andainas de 25km e a organización do Encontro e Marcha Estatal de Montañeiros Veteranos FEDME (Entrimo).

Preséntase o proxecto deportivo para 2015, coas seguintes liñas principais:

a.- Impulso do Open de Andainas.

b.- Organización de 3 actividades federativas: Esquí e Raquetas; Campamento e Marcha Infantil – Xuvenil; Descenso de Barrancos.

c.- Organización de 2 carreiras por montaña: Montes de Vigo e unha carreira vertical.

d.- Potenciación das actividades infantís mediante as Peque-Rutas.

e.- Potenciación da participación nas Andainas de 50km.

f.- Potenciación das actividades de media e alta montaña, co obxectivo de realizar no verán actividades sociais en Picos de Europa e Pirineos.

4.- Axudas a deportistas. Exponse a listaxe de beneficiarios das axudas correspondentes a 2014. O importe a

pagar acumulado superará o previsto de 1.500'00€. Comezará a pagarse a partir desta data.

5.- Rogos e preguntas.

Don Higinio Leirós propón que o seguro de RC sexa realizado en conxunto para tódolos clubs pola Federación. Explícaselle que esta é a nosa proposta para a Asemblea da FGM. Pero que se non vai adiante, que faremos nós o noso seguro.

Don Manuel Granada pregunta se hai algún cálculo de cantos socios serían precisos para ter unha sede social propia. O Presidente responde que non é viable seguir aumentando o número de socios xa que supón moita carga de traballo para el. Ademais os custes de local, luz, auga, teléfono e impostos, son sufragados polo Presidente, o cal supón un gran aforro para a entidade.

Don Xosé Lois Freixeiro abunda na reflexión e apunta que dispoñer dun local, incluíndo os seus custes de mantemento, e a necesidade de ter unha persoa diariamente abrindo o local e atendendo ós socios non é factible pagando a actual cota social anual de 10'00€.

6.- Acto de entrega de premios por Concursos de Montañismo Xistra 2014.

Dáse lectura ós montes ascendidos polos 2 premiados no 2014, e chámase ós mesmos para entregarlles os trofeos correspondentes:

3ª Categoría Base (menores de 15 anos): Alexandre Freixeiro López

3ª Categoría Sénior: Eduardo Barrosa Picón

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:30 horas procédese a levantar a reunión do que dan fe a Secretaria co visto e praxe do Presidente.

Dá fe
Mª Begoña Landesa Torrado
Secretaria do C.M.Xistra

Co Visto e Praxe
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Presidente do C.M. Xistra